


# Carlos Casares |

CADERNO DIDÁCTICO  
DÍA DAS LETRAS GALEGAS





GU01  
IVA INCLUIDO @ 1%  
CINE ARDOL  
MULTIPLEX  
GENERAL  
C.I.F. B-1374450  
IVA INCLUIDO @ 1%  
Francisco-Barcelona  
A  
085341



Carlos Casares

---

# CADERNO DIDÁCTICO DE CARLOS CASARES

## **Edita:**

IES María Casares: Equipo de Dinamización da Lingua Galega  
Concello de Oleiros: Servizo de Normalización Lingüística

## **Comité de redacción:**

Fernando Díaz-Castroverde Gómez  
Raquel Guimarei Talbo  
Pepe Taboada Pérez

## **Coordinación:**

Pepe Taboada Pérez

## **Maquetación e ilustración:**

Miguel Cuba Taboada

Depósito legal: C 531-2017

É a nosa vontade transcribir os textos exactamente como aparecen nas fontes utilizadas e debidamente mencionadas no apartado Bibliografía. Do mesmo xeito, respectamos o estilo e o enfoque que cadaquén lle deu á parte da súa autoría.

A presente publicación é unha obra didáctica, de tirada reducida e con fins divulgativos. O propósito das imaxes que aparecen reproducidas non é outro que o de apoiar o texto dos autores. As imaxes reproducidas

**CARLOS  
CASARES**



**CADERNO DIDÁCTICO**

---

· 17.05.2017 ·

---

**DÍA DAS LETRAS GALEGAS**



**CARLOS CASARES**

TREN    TARIFA    IMPORTE    CLASE

**ÍNDICE**

DATA: 17/5/2017

Nº BILLETE:



# ÍNDICE

## 11 ADVERTENCIA PRELIMINAR

Fernando Díaz- Castroverde Gómez

## 14 SEMBLANZA

Fernando Díaz- Castroverde Gómez

## 16 BIOGRAFÍA

Pepe Taboada Pérez

## 29 CARLOS CASARES E A CUESTIÓN XERACIONAL

Fernando Díaz- Castroverde Gómez

## 31 ACHEGA Á NARRATIVA DE CARLOS CASARES

## 31 *Vento ferido* ou de como construír unha pirámide de bolboretas

Fernando Díaz- Castroverde Gómez

## 33 *Xoguetes para un tempo prohibido*

Raquel Guimarei Taibo

## 37 *Ilustrísima*

Pepe Taboada Pérez

## 39 *O sol do verán*

Pepe Taboada Pérez

## 41 OBRADOIROS

Pepe Taboada Pérez

## 42 *A galiña azul*

A carta

Completar historias

## 43 *O Principiño*

Isto non é un sombreiro

Xogo dramático...

Domesticamos?

O Baobab

## 47 Os artigos xornalísticos

Creación literaria escrita: visita ao tren

Creación literaria oral: a tertulia

Comentario literario

Recomendacións

## 53 BIBLIOGRAFÍA



## ADVERTENCIA PRELIMINAR

Carlos Casares é un escritor polifacético, un creador total que se desenvolve con habilidade e precisión en diferentes ámbitos. Casares é novelista (*Xoguetes para un tempo prohibido*, *Ilustrísima*), construtor de relatos (*Vento ferido*), tradutor (*O Principiño*), articulista, editor, conferenciante... Autor, pois, dunha obra poliédrica e difícil de abranguer con éxito en todos os seus prismas nun espazo limitado.

Este caderno que humildemente ofrecemos, non pode nin pretende resolver a totalidade creativa do autor, senón camiñar por algunha das súas obras, percorrer as xeografías do escritor, contrastar sensacións e estilos, intervir, coa vosa compañía, nalgúns dos seus textos... É o punto de partida dunha andaina que poderedes continuar achegándoos en directo ao seu legado, ao noso legado.

Agardamos, iso si, que sirva para recoñecer a Carlos Casares e, tamén, para recoñecérmonos a nós mesmos nesta viaxe que, agora si, vai comezar.





**CARLOS CASARES**

TREN    TARIFA    IMPORTE    CLASE

**VIDA E OBRA**

DATA: 17/5/2017

Nº BILLETE:

## SEMBLANZA

Carlos Casares naceu en Ourense e criouuse en Xinzo de Limia, na Raia e é, por tanto, un arraiano.

A Raia é un concepto. Xente que mora na fronteira e aí, nese limitado hábitat, crea a súa patria. Os arraianos son, de seu, nómades e non conciben palabras como "gaiola" no seu vocabulario. A Raia é unha babelia, un camiño de quita e pon (Cunqueiro *dixit*) que, cando te decatás, desaparece. Vivir naquel indeciso espazo supón aceptar as regras do xogo: nada me pertence, todo eu son apenas un arredor. O que importa, pois, non é o centro do imperio, senón o límite.

No ano 1967 Casares publicou un dos seus libros cimeiros, *Vento ferido*, e eu, que revisei moitas veces aqueles relatos e que teño diante miña a primeira edición (cos anos un vólvese fetichista e un pouco Dióxenes), creo que ese é o vento que atravesa as chairas de Xinzo, un vento que vai para ningures, que foxe porque vai ferido. Un vento ferido que atravesa todos os relatos do autor.

Na Raia temos un pé na Galiza e, se cadra, outro en Portugal, aínda que, en realidade, non se trata nin de Galiza nin de Portugal, senón dun lugar no que todo é posible. As xentes de Xinzo e de Verín cruzaban a Portugal a vender aceite e os de Feces, en Portugal, viñan a Galiza quizais con café. Contáronme algunha vez que había unha casa arraiana que, caprichos do destino, tiña unha porta en Galiza e outra que daba para Portugal. Casa de portas francas para un universo de estrelas. Trátase dunha comunidade afeita ao intercambio porque todo alí é intercambiable. E neses tratos os arraianos fundan o seu carácter e temperamento, e enténdense, porque o seu é o territorio do troco. Os alicerces da prosa de Casares residen aí, no funambulismo. Cando un le, por exemplo, *O xogo da guerra*, un dos mellores e desgarradores relatos da literatura galega para quen isto escribe, non sospeita como vai progresar o argumento, que pasará co Rata ou co Rafael naquel espazo cheo de presaxios, porque eles tamén son arraianos e imprevisibles.

A Raia é tamén territorio de tolos, será polo vento ferido, pola auga do río do esquecemento... quen sabe! E os tolos son xente máxica, afeitos a construír un

universo de incertezas, unha casa de intemperie. Eu coñecín moitos tolos e de todos eles fiqui abraiado porque posúen un corazón aberto e entregado. Casares amaba os tolos:

"O outro día estiven nunha cea cun grupo de amigos entre os cales había varios compañeiros de infancia de Xinzo de Limia. Inevitablemente, puxémonos a recordar. Empezamos polos tolos. Case ninguén se acordaba do Chino Japonés, nin do Mangante, pero todo o mundo lembraba historias do Picamoca (pica a moca e o tabao dicía nos veráns), ou de Turito Vila que para dispararlle o xenio abundaba con pegar un zapatazo no chan, ou do Luís Caralsol, que pedía con timidez, ou de Leoncio, tan cariñoso que falaba só con diminutivos..."

Os tolos son arraianos da razón. Falando co amigo e escritor Antón Riveiro Coello contoume desa fascinación compartida por Casares e polo propio Antón polo estrañado universo dos tolos.

Refuxio de lobos tamén A Raia. E onde hai lobos, hai nas lareiras contos de lobos, esa arquitectura narrativa que co tempo se foi perdendo, chea de xestualidades, pausas e afluentes que tan ben coñece

Casares, porque contar é “como comer pan” (outra vez Cunqueiro no trasfondo). Quen nos dera vivir no lugar do fascinio, onde todo é posible, nun país sen fronteira e de mentes virtuosas!

Aos amigos portugueses da Raia (Chave, Valença ou acaso Montealegre) sentínlles moitas veces dicir “vivemos de costas viradas” para criticar esa fronteira, tantas veces mental, que separa Galiza e Portugal e que, contraditoriamente, vai en aumento cantos máis accesos e pontes se constrúen. Canto máis nos comunicamos e globalizamos máis nos desenfocamos. Globalización? E, u-la Raia? Conta Casares:

“... Cando eu era pequeno eses enfrontamentos ocurrían a miúdo. O caso máis célebre que coñecín foi protagonizado por un cura amigo meu que realizou unha incursión de comando solitario en Portugal, para sacar a tiros do cárcere a seu amigo Vales, un home de Xinzo que tiña taberna nas inmediacións da igrexa da vila.

Pistola en man, o crego fuxiu con el da cadea, cruzaron a raia e volveron ambos os dous á vida normal, un a predicar o evanxeo e outro a despachar vasos de

viño. Foi un acto de amizade, non de odio, e sen vítimas”.

Quen queira, pois, coñecer a Casares e á súa prosa debe visitar a Raia con ollos abertos. O territorio dos contorsionistas e dos estraperlistas. A patria das andoriñas. A libérrima e estrelada cabana do tuareg. Mentres non se globalice. E apúrense, amigos, que, se cadra, cando cheguen, toda a Raia é un China Center!



1

2



1.- Carlos Casares de neno coa camisola do Antela C.F.

2.- Casares recopilou de maior os tebeos da súa infancia, como o Capitán Trueno ou Suchai (na imaxe)

# BIOGRAFÍA

A reseña biográfica dun autor pódese enfocar de moi diferentes maneiras. Se o autor pertence a unha época lonxana, decote se reduce a unha relación de datas, acontecementos e obras que, se ben nos aportan coñecemento, nos deixan esa frialdade de persoa allea e descoñecida. Se, pola contra, o autor é contemporáneo e viviu no noso ámbito xeográfico, podemos de seguro recoñecer ou mesmo descubrir os lugares que el percorreu e participar do ambiente social e cultural que el viviu, por ser semellante ao que nós mesmos temos vivido ou por ser transmitido por xente aínda viva, coetánea, compañeira ou mesmo amiga do autor que traballamos.


Isto é o que sucede con Carlos Casares, falecido relativamente hai pouco tempo. Nós, tendo sempre presente a quen nos diriximos, faremos fincapé neses aspectos e etapas da vida que poidan interesar aos usuarios deste sinxelo caderno.

Queremos que se tome conciencia da importancia que ten na nosa formación

persoal a infancia e adolescencia vivida por cadaquén. A enorme influencia que poden ter na nosa personalidade de adulto, por unha banda, aquelas persoas que nun ou noutro momento tomaron parte activa na nosa vida: familiares, amigos, mestres; e, por outra, aquelas fontes das que bebemos nas diferentes

etapas da nosa formación: música, cine, arte, literatura etc, e que serán claves “no resultado final”.

Para comprender isto, Carlos Casares é un magnífico exemplo.





2

- 1.- Carlos Casares co seu pai
- 2.- Detalle do Pórtico do paraíso da Catedral de Ourense.

Carlos Casares naceu en Ourense no ano 1941, no seo dunha familia acomodada. "O meu pai era mestre. Economicamente non tiñamos problema de ningún tipo. Aínda que o soldo era modesto, como era dunha familia rica, non tiña problemas e o que gañaba viña ser un complemento. Ademais tamén estaba a boa posición de miña nai co que herdara da miña avoa. Así que eu non teño conciencia de que houbese unha época de fame. Para min a fame foi o seguinte: un día quedara co meu pai na casa en Xinzo porque me doía a barriga. Estábamos sós na casa cando chegou un mestre amigo seu. Eu andaba xogando por alí co meu triciclo, pero oía a conversa deles. Aquel señor botóuselle a chorar pedíndolle pan para os fillos. A min aquilo pareceume unha cousa tan sorprendente, pedirlle pan a outro chorando [...]". (Calvo, 2003: 23).

A súa nai foi educada por un tío cóengo da catedral nun ambiente moi relixioso. Na súa casa prodúcese un feito sociolingüístico moi habitual na nosa terra, Casares fala en galego co seu pai e en castelán coa súa nai. No 1944 trasládase a Xinzo de Limia onde o seu pai exerce como mestre e durante varios anos a súa vida transcorrerá entre esta vila e outras aldeas cercanas onde tiñan

parentes: Lamas, Sabucedo (na Limia) e Beiro (en Ourense). Estes lugares marcarán fondamente ao noso autor, como veremos axiña.

En Lamas, a tres quilómetros de Xinzo, vivían os avós paternos que foron quizais os primeiros contadores de historias para os irmáns Casares. A avoa, Francisca, transmisora moi peculiar da tradición oral galega: a Santa Compañía, aparecidos e ánimas; e o avó, Herminio, narrador de historias reais, cun certo ton épico, apoiadas en datos concretos e ben precisos. Dous xeitos de narrar, ambos magníficos, que prenderán no neno Carlos que co tempo habíase converter no marabilloso conversador e narrador oral que foi.

En Sabucedo, preto tamén de Xinzo, pasaban longas tempadas nos invernos, pois a nai coidaba a unha tía súa diabética. O seu tío Benito era o médico do lugar, liberal e non simpatizante do réxime. Como as estadias eran longas, mesmo ían á escola alí. Daquela, non é de estrañar que sexa de Sabucedo de onde garda o seu "arquivo infantil máis extenso".

“— Pasei os anos da nenez en Xinzo de Limia, pero tamén en Sabucedo, a dez kilómetros, onde tiña un tío médico. Alí podía saír só, sen a rapaza que nos sacaba de paseo ós meus irmáns e a min, e andar polo monte cos nenos das aldeas, indagar nos niños dos paxaros, facer

3



trasnadas, inventar bombas. A pesar de tanta actividade, aínda me quedaba tempo para ler. Fun un lector voraz”. (Platas Tasende, 1998: 18).

A Beiro ían durante o verán, xunto ao seu tío materno Xosé Mouriño, abade e sucesor doutro cura de Beiro ben importante, Basilio Álvarez. Neste lugar disfrutará dos traballos tradicionais: a malla na eira comunal, a elaboración do pan no forno do lugar, ou o lavadoiro da roupa no río. Participará igualmente nas actividades relacionadas co mundo eclesiástico do seu tío: axudará na misa, e encargarse dos toques das campás (do angelus, do nervioso repenicar cando ameazaba tormenta, que era o toque que máis lle gorentaba). Aquí materialízase, quizá por primeira vez, o seu gusto polas miniaturas coa construción dunha vila a pequena escala con pedras e barro, xunto co seu irmán e outros amigos.

En Xinzo faise amigo do fillo do maquinista do cine Molinos onde conseguirá a súa prezada colección de “cortes”, anacos de película que se censuraban coa drástica intervención dunha tesoiira. Aquí será tamén locutor nunha emisora local anos máis tarde.



4

3.- Carlos Casares de neno.

4.- Casares era un apaixonado das miniaturas.

5.- Retrato de Risco feito por Castelao.

6.-Casares nos seus tempos na Universidade. (páx. 18)

No 1952 ingresa no seminario, con 11 anos, por expreso desexo da súa nai e non tanto entusiasmo do seu pai, home de "ideas liberais e talante máis escéptico". O sistema educativo do seminario, segundo el mesmo ten dito, era claramente represivo e disciplinario. Prohibíase ler xornais; prohibíase falar de fútbol, aínda que xogar xogábase; e prohibíase falar galego, baixo castigo seguro. Esta cuestión resultaba paradóxica e grave porque a maioría eran galegofalantes, de procedencia rural. Di o autor que non tivo conflito lingüístico ata chegar ao seminario: das copias que tiñan que facer ("no hablaré gallego") quedou a deber milleiros.

Como aportacións positivas desta etapa quedará a súa sólida formación en cultura clásica, e a pegada dun profesor de literatura, Agustín Madarnás, que valoraba moito os seus escritos e lle descubriu que se pode escribir ben ou mal.

É no seminario onde realiza a súa primeira creación como xornalista, unha revista clandestina, *O Averno*, na cal cuestionaba o réxime interior daquel centro e que lle custou non poucos castigos.

Despois de 5 ou 6 anos, abandona o seminario e, de volta a Xinzo, preséntalle un problema: os estudos que cursou non estaban homologados e ten que preparar por libre a entrada no bacharelato. Estuda na academia Santa Marina onde imparte clase Antonio Rodríguez, tamén bibliotecario da vila, quen lle poñerá nas mans libros de autores aos que non tivera acceso no seminario e que completarán a súa formación lectora: Balzac, Voltaire, Flaubert ou Stendhal.

Moi a finais dos anos 50, quizá no 1959, chega Casares a Ourense para cursar o bacharelato. Menciona o "ambiente intelectual moi vivo" que se respiraba nesta cidade. Frecuenta a biblioteca provincial onde coincide máis dunha vez coa peculiar figura de Risco, que fora profesor do seu pai; por outra banda el coñecía xa a Ramón Otero Pedrayo, moi amigo do seu tío cura de Beiro. Velaquí dúas figuras claves na cultura galega daquel tempo.

Convócase un concurso provincial de relatos e Casares preséntase, sen demasiadas esperanzas como el mesmo di. Será unha grande sorpresa cando, tempo despois, o seu profesor Ogando

quere felicitar na clase ao gañador do devandito concurso, que resulta ser o noso autor. Ogando dille que está invitado a tomar café co xurado, presidido por Vicente Risco. Sexa por este motivo, sexa a través de Arturo Lezcano, o caso é que Casares chega á tertulia de Vicente Risco no café Parque no que confluían dous ambientes marcados pola idade dos seus compoñentes habituais. Por unha banda estaban os intelectuais de Ourense: Ferro Couselo, Conde Corbal, o Xocas (Xaquín Lorenzo), Antón Tovar...; e pola outra os

5



máis novos, denominados por Risco os artistifñas: Arturo Lezcano, os pintores Xaime Quesada, Virxilio e X.L. de Dios, os escultores Acisclo Manzano e Arturo Baltar.

Os “artistifñas” non só coincidían con Risco na súa tertulia, daban longos paseos parolando con el pola beira do río Miño e un día recalarán na súa casa, na rúa Santo Domingo. Conta Casares

6



a transcendencia que para el tivo este lugar. Risco, mentres acariñaba o seu gato, íalles mostrando a biblioteca. Entón amósalles o álbum *Nós* e todos eles quedaron sorprendidos, abraidos, marabillados polas preciosas láminas de Castelao. Nunca ata ese momento Casares oíra falar de Castelao nin fora consciente de atoparse na redacción da revista *Nós*.

Estes mozos tiñan ademais o seu mundo: o cine club capitaneado por Lezcano, tertulias no Miño e no Volter, e xuntanzas na casa de Xaime Quesada.

Nunha ocasión Uxío Novoneyra achégase a Ourense visitar ao poeta Antón Tovar. Casares, que daquela tamén escribía poesía, queda impactado pola personalidade arroiadora do poeta do Courel. Pregúntalle este se coñece a Arcadio López Casanova e, a súa contrariedade ante a ignorancia de non coñecer un poeta importante, transfórmase en abraio ao enteirarse de que ten 18 anos e un libro publicado e censurado.

No ano 1961 Casares vai estudar Filosofía e Letras a Santiago de Compostela. Daquela era unha Universidade pequena,

familiar. Os estudantes viven en pensións ou Colexios Maiores. Imaxinamos ao recién chegado, camiñando de vagar polas rúas estreitas e molladas tomándolle pulso á cidade, meténdose nun cine ou visitando as librerías da rúa do Villar. Sabemos que un día recala na de Eduardo Hernández, o Xudeu, tan significativa para as xeracións dos anos 60 e 70, onde se poden conseguir libros prohibidos. Alí atopa o libro de poemas de Arcadio López Casanova, do que lle falara Novoneyra, e sae con el agochado debaixo da gabardina branca. Xa na pensión, leo con degoiro e grava na súa memoria a foto que aparece na solapa do libro.

Un día, ao saír da facultade, ten que agardar nas escaleiras que pare de arroiara. Alí tamén está outro rapaz que si ten paraugas e que el recoñece como o da foto do seu libro. Cando este se decide a emprender o camiño, dirxese a Casares: “Se vas para abaixo, tápote”. Despois das presentacións, falan do libro mentres baixan polas rúas Preguntoiro e Calderería, e acaban no Derby tomando un vermú. Conxenian dende o primeiro momento unidos polas mesmas inquedanzas e a súa común vocación pola literatura.

6.-Casares nos seus tempos na Universidade.

7.- Un libro como paraugas.

8.- Ramón Piñeiro visto por Siro.


7



Arcadio convídalo a asistir pola tarde á súa tertulia. Alí atópase Casares cun grupo de mozos algo máis vellos ca eles, de tendencia galeguista e que utilizan unha linguaxe moi culta e con frecuentes referencias literarias propias e alleas. Semellan estar involucrados nun tipo de actividade que o recén chegado non acaba de entender. Queda impresionado. En que marabilloso mundo está a piques de entrar?

Velaquí como, pola choiva e un paraugas, entra Casares no ambiente cultural de Santiago.

Un día Arcadio lévao ao domicilio do filósofo, ensaísta e político galego Ramón Piñeiro. Piñeiro formou parte do Partido Galeguista antes da guerra civil española. Cofundador da Editorial Galaxia e máis tarde da revista Grial entre outras moitas actividades. A que aquí nos interesa é a da súa atención case diaria aos mozos universitarios que pasaban pola súa casa de Santiago e recibían seminarios sobre filosofía, historia do galeguismo e cultura en xeral sentados ao redor da súa mesa. Moitas veces ten contado Carlos Casares como foi a primeira visita á casa de Ramón Piñeiro: a súa mesa camilla co tradicional braseiro, o seu acolledor trato



8

e a súa franca invitación a volver cando quixese, que Casares aproveitou vencida a primeira timidez.


Foi a Piñeiro a quen recorreu cando, falando de Risco, unha reacción do grupo recén coñecido o deixou totalmente desconcertado. Citamos as súas propias palabras relatando o sucedido:

“[...] Eu mesmo recordo moi ben a impresión que me produciu, recén

incorporado á Universidade de Santiago, o xuízo que lle merecía ó pequeno núcleo de estudantes galeguistas do círculo de Ramón Piñeiro cos que empecei a relacionarme pouco despois de chegar a Compostela. Ó saír dunha reunión política celebrada no reservado dun pequeno café que había entón detrás da igrexa do Pilar, alá polo outono de 1961, algún dos asistentes, creo recordar que o poeta Salvador García Bodaño, cando eu confesei que viña de Ourense, onde participara na tertulia de Vicente Risco, díxome con naturalidade, sen carraxe nin animadversión de ningún tipo, como quen se limita a contrastar un feito incontrovertible, que aquel home fora un traidor.


Quedei desconcertado porque ignoraba de que cousa me estaba falando aquel amigo. Por esa razón lle preguntei uns días despois a Ramón Piñeiro polo significado da palabra traidor aplicada a un home a quen eu quería, polo que sentía respecto e admiración e que non podía recoñecer baixo aquel rótulo moral infamante. Foi entón cando escoitei as primeiras referencias á traxectoria política que seguira Risco despois da Guerra Civil e foi daquela tamén cando empecei a comprender unha frase

desconcertante, para min enigmática, que lle escoitara a el mesmo un día en Ourense, cando saíamos da Biblioteca Pública, entón situada nos baixos da Deputación. Pregunteille con inocencia se tiña algún exemplar da Teoría do nazionalismo galego, que eu quería ler e non atopaba en sitio ningún. Púxose moi nervioso e respondeume cunha frase que significaba unha negativa, pero quizais tamén un arrepentemento. Non recordo se me dixo que aquelas foran 'caralladas' ou 'coñas' da mocidade" (Casares, 1998: 97-98).



A mediados dos 60 en Santiago comezan a organizarse grupos de universitarios con inxedanzas democráticas e rexeitamento ao réxime. Carlos Casares intégrase na Agrupación Democrática de Estudiantes (ADE) que aglutinaba xente de diferentes ideoloxías e pretendía contrarrestar a acción do sindicato oficial franquista, o SEU.

Entre as moitas actividades que promoveu a ADE hai que salientar unha conferencia impartida por Aranguren no antigo Burgo das Nacións, nas aforas de Santiago, e o histórico recital do cantautor valenciano Raimon, representante da *Nova Cançó*.<sup>9</sup> No ano 1965 Tierno Galván, García Calvo, Montero Díaz e Aranguren foran expulsados da súa cátedra na universidade de Madrid. Pouco despois este último visita Santiago. Piñeiro avisa a Casares e van á casa de García Sabell, onde se atopa o filósofo. Carlos, ávido lector de toda a súa obra, non perde a ocasión para pedirlle que dea unha charla informal a un reducido grupo de estudantes. Pero ao chegar ao lugar acordado atopan tanta xente que deciden trasladar a conferencia ao antigo Burgo. Cando Aranguren levaba quince ou vinte minutos de charla, irrompeu a policía e suspendeu o acto por falta



10



11

da autorización que se esixía naqueles tempos. Os policías agardaron que o público desaloxase o local e, daquela, comunicánlle a Aranguren e Casares que están detidos, e lévanos á comisaría, onde o noso autor tivo que pasar a noite. Foron momentos tensos: interrogatorios, ficha, impresións dixitais... mais finalmente as dilixencias quedaron sobreesádas.

Polo que se refire á actuación de Raimon, celebrouse o 9 de maio do 1967 no estadio universitario. Para facilitar a participación do público, a organización editou un folleto coas cantigas en catalán e galego (a versión galega correu a cargo de Carlos Casares e Salvador García Bodaño). Este recital tivo capital importancia para a mentalización de moitos estudantes sobre a necesidade de expresarse libremente en galego.

Pouco despois aparecerá o grupo *Voces Ceibes*, representantes en Galicia da denominada *A nova canción galega*.

O labor, minoritario pero vivo, de concienciación socio-cultural levado a cabo en todos estes anos polos devanditos grupos estudantís precipitará os sucesos do 68 compostelá, pero Carlos Casares nese ano xa non estará en Santiago.

Todo este activismo político que desenvolve non lle impide a práctica da escritura.

Así, en 1967 publica a súa primeira obra, *Vento ferido*, libro de relatos que resiste perfectamente o paso do tempo. No 1968 con *A galiña azul* gaña o primeiro concurso de relatos convocado pola Asociación Cultural *O Facho*. É un precioso relato sobre a solidariedade, a amizade e a defensa das diferenzas. No 1969, sae a súa novela experimental *Cambio en tres*. E como xornalista colabora nestes anos no diario *La Región de Ourense* coa serie de artigos titulados *Con esta lupa* en colaboración con Siro e que manterá ata o ano 1974.

9.- Casares era un apaixonado da fotografía e mais das cámaras de fotos.

10.- Cartaz de Voces Ceibes obra do gran Reimundo Patiño.

11.- A portada do folleto realizado para o concerto de Raimon en Santiago.

Rematada a carreira en 1967, Carlos Casares volve a Xinzo para preparar as oposicións. Estando nesas solicita praza para dar clase nun instituto e envíanos a Viana do Bolo a un dos chamados institutos libres adaptados que dependían administrativamente doutro instituto e mais do concello da vila. Alí vai como subdirector e atópase cun ambiente de "caciquismo feroz" que lle traerá serios problemas. Os alumnos tiñan que pagar unha cantidade en calidade de permanencia e había moitos con serios problemas económicos. Casares quere dispensalos e enfróntase ao Concello. Co pretexto dunha representación teatral, cuxa autoría lle adxudicaban erroneamente e que, supostamente, se metía con Franco, Carlos Casares é cesado antes de rematar o curso. Hoxe en día ese Instituto leva o seu nome.

Posto que se lle impide exercer en ningún centro de Galicia, Casares vai traballar a Bilbao. Alí vese involucrado noutro conflito pois el, sen sabelo, vai en substitución dunha profesora que acaban de expulsar, e a dirección está enfrontada ao profesorado. Carlos Casares toma partido polos seus compañeiros e, como consecuencia, ningún deles verá renovado o contrato para o curso seguinte.

Regresa a Galicia e instálase en Ourense. Por encargo de Ramón Piñeiro traballa na edición crítica de *Aires da miña terra* de Curros Enríquez e, cando lle ía levar o traballo rematado a Santiago, colle un tren, ese medio de transporte do que tanto disfrutaba. Imponse ceder a palabra a Kristina Berg, a muller de Casares, para que sexa ela mesma a que nos dea a versión dos feitos:

"Carlos dicía que a vida das persoas é o resultado dunha serie de casualidades que de xeito inexorable condicionan a nosa liberdade de elección.

[...] De camiño a Compostela, o tren que me levaba parou en Ourense, un tren absolutamente abarrotado de xente, e cando as persoas que ían no meu compartimento baixaron, deixaron libre o sitio que ocupou Carlos, o único sitio que quedaba libre en todo o tren. Foi unha casualidade que nos chegásemos a coñecer. Tres meses despois casábase en Ourense, iniciando así outra viaxe, outra familia e unha marabillosa aventura.

[...] No Nadal de 1971 Carlos foi a Suecia por primeira vez e quedou absolutamente abraiado polo país, pola tranquilidade, a tolerancia e a educación da xente. Por iso,

cada vez que iamos, Carlos aproveitaba para escribir e para ler. Alí respirábase un sosego que non existía aquí. Aprendeuse o sueco moi rápido e pronto era capaz de ler os xornais e escoitar a televisión, pero o que máis lle gustaba era falar coa xente. El era así, tiña moita necesidade de comunicarse". (Kristina Berg, 2012: 3).

12



Como podemos ver o noso autor queda abraiado pola sociedade e pola política socialdemócrata do prestixioso Olof Palme. A partir de aquí os seus modelos cambian e as metas soñadas para o seu país tamén. Durante toda a súa vida viaxará a ese país para pasar máis ou menos longas tempadas dependendo da dispoñibilidade do seu traballo.


Estamos no ano 1971, o matrimonio instálase en Ourense onde Casares preparará as oposicións, que aproba no 1974. O seu primeiro destino como profesor numerario vai ser o *Instituto María Soliño* de Cangas do Morrazo onde permanecerá oito anos. Non acabarán aquí os seus problemas coa administración. Daquela eran moi poucos os profesores que tiñan a praza en propiedade, e o resto de Profesores Non Numerarios (*Penenes*) organizaron unha folga reivindicativa de moita repercusión en toda Galicia. Algúns dos Profesores Numerarios se solidarizaron con eles, o que lles trouxo como consecuencia a apertura dun expediente. Entre eles coñeceredes a Alonso Montero, Méndez Ferrín, e o mesmo Casares.

Da década dos 70 temos que salientar a versión ao galego de *O Principiño* de Saint-Exupéry, no 73 o premio Teatro Infantil O Facho: *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*, obra que bebe do teatro do absurdo de Samuel Beckett. No ano 1975, Galaxia convoca un certame de narrativa para conmemorar os seus 25 anos de existencia. O premio será para a obra *Xoguetes para un tempo prohibido* de Carlos Casares, Premio da Crítica española ao ano seguinte. Do 75 é tamén a edición crítica da obra de Curros da que xa falamos e no 79 publica *Os escuros soños de Clío*.

Outras actividades destacadas nesta década son:

No 1974 participa na organización das Xornadas de Cine en Ourense.

No 1977 entra na Real Academia Galega.



13

12.- Kristina Berg.

13.- Seoane ilustrou a edición de *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*.



14

14.- Serie de autorretratos de Casares.

15.- Caricatura de Casares feita polo seu amigo Siro.

16.- Casares sucedeu a Piñeiro como director da Editorial Galaxia.

Para aqueles que nos asomamos á vida e obra de Carlos Casares, ao chegar a este punto sentimos a sensación de non ser capaces de poñer orde a tanta información. Tales son as actividades do autor! Participación en diversos fiadeiros, publicación de obras creativas e estudos literarios, conferencias, participación en política, incorporación a diversas institucións, viaxes...

Facemos, pois, un alto no camiño e pensamos nesa persoa que, segundo din todos os que a coñeceron e a pesar da súa abrumadora actividade, nunca escatimaba o seu tempo para conversar e contar historias. Esa faceta súa, das máis brillantes, é precisamente e por desgracia da única da que non podemos deixar aquí merecido testemuño.

Lembramos como Casares na súa infancia descubriu que se podía "escribir ben ou mal" e reivindicamos o incuestionable valor de "falar ben ou mal". Quede no aire, xa que logo, a nosa admiración e respecto para todos aqueles bos contadores de historias.

A década está marcada en España polo cambio político. Franco morre no 1975 e no 1978 convócanse as primeiras eleccións democráticas. Unha nova maquinaria ponse en marcha. No 1981 constitúese a Cámara Autonómica para a elaboración do Estatuto de Autonomía de Galicia que se aproba no 1982. Casares sae elixido parlamentario xunto con Ramón Piñeiro, Alfredo Conde e Benxamín Casal. Colabora na elaboración da Lei de Normalización Lingüística, aprobada no 1983 e que, segundo el mesmo di, é das cousas das que se sente máis orgulloso.

No tocante á súa creación literaria, comeza Carlos Casares a década dos 80 agasallándonos cunha das súas obras máis apreciadas, *Ilustrísima*, Premio da Crítica galega, que plantexa os problemas sociais que causa a chegada do cinematógrafo a unha cidade dominada por un forte ambiente clerical. No 1983 asiste ao primeiro encontro de escritores organizado polo Ministerio de Cultura e que se converterá nos encontros de Verines, aos que asistirá sen falta ata a súa morte. Tamén comeza a reunirse o fiadeiro de Torre Ballester en Baiona. No 1985 abandona a política e sucede a Ramón Piñeiro na dirección da Editorial Galaxia. Empeña na editorial un labor

de modernización importante. Bota a andar novas coleccións entre as que salientamos *Árbore*, o canon Sherlock Holmes e as edicións de Ágatha Christie, pola súa repercusión no sector xuvenil, falta de material para poder chegar ás obras literarias propias e universais a través da lingua galega, materia case recién implantada no ensino.

Algo semellante pasa na revista *Grial* catro anos despois, á que se incorporan novas liñas de traballo e ábrese a terreos culturais non incluídos antes, como a fotografía, arquitectura e divulgación científica.

Polo que se refire á súa obra creativa, datamos no 1987 *Os mortos daquel verán*. A obra relata un suceso acaecido na Guerra Civil española. Presenta un formato narrativo innovador, pois realmente a novela son dez informes, escritos cunha linguaxe totalmente burocrática, por un funcionario ao seu superior.

Desta década son as biografías de Vicente Risco e Otero Pedrayo. No 1990 falece Ramón Piñeiro, referencia vital e amigo difícil de substituír para o noso autor.

Na década dos 90 continúa a súa dinámica actividade.

No 1992 comeza a súa colaboración diaria en *La Voz de Galicia*, *Á marxe*. Esta columna, escrita en galego, convértese nunha das preferidas para un público amplo e diverso que fará do seu autor unha figura popular e benquerida. Só quedará en branco o día do seu pasamento, 10 anos despois.

Continúa a publicación de escritos para nenos que consideraba tan necesarios: a serie *Toribio*, *Lolo anda en bicicleta*, *O polbo xigante*. Escribe as biografías de Ramón Piñeiro, Ánxel Fole e Martín Sarmiento. Colabora con Jorge Valdano nos *Contos de Fútbol*. No 1996 aparece a novela *Deus sentado nun sillón azul*, onde adopta un recurso que lembra *A ventá indiscreta* de Hitchcock: a narradora observa dende a súa casa, a través da fiestra, a vida rutineira dun home avellentado co que tivo un pasado común.

No 1998 sae *Un país de palabras*, libro de difícil clasificación. Trátase de escritos que algúns críticos literarios cualifican como ensaios narrativos. Neste libro atopamos diferentes temas inspirados na experiencia propia ou naquelas



15

16



persoas que foron importantes na súa vida: o portugués Miguel Torga, Álvaro Cunqueiro, Celso Emilio Ferreiro e os xa moi citados Otero Pedrayo, Vicente Risco e Ramón Piñeiro. Todo isto contado coa fluidez e sinxeleza que o caracteriza.

Nestes anos participa xunto con outros oitenta escritores nunha singular experiencia: o Expreso da Literatura Europea, viaxe nun tren que fai o percorrido dende Lisboa a San Petersburgo, durante mes e medio.

Un día de marzo do 2002 entrega a Galaxia a versión definitiva de *O sol do verán*. Ao día seguinte deixábanos o home ao que, segundo dixo a Inês Pedrosa na viaxe literaria antes mencionada, lle gustaría ter como epitafio: "Aquí xace alguén que nunca quixo morrer, que tivo a sorte de nacer home e non deus".

Era o 9 de marzo de 2002 pola mañanciña.



17

17.- Casares en San Petesburgo.  
18.- Casares nunha das súas viaxes.

## CARLOS CASARES E A CUESTIÓN XERACIONAL

18



Todo ten que estar clasificado. É unha necesidade social. Camiñamos máis seguros cando nos dispoñen as cousas arrombadiñas, con orde e rutina. Se alguén altera esa disposición reitora atopámonos coma desorientados e náufragos. Os límites, pois, da transgresión son moi limitados. O que ocorre é que a literatura (bendita palabra para un tempo gris!) é un organismo vivo e en evolución, co cal resulta complexo dispor un andel ou unha gabeta para cada autor e obra que xermola.

A esta altura alguén, e con razón, pensará, este home divaga, está perdido e dificilmente sairá algo en claro deste artigo. Así é. Mais desconfiade, meus amigos, daquel que todo o ten claro e da palabra incuestionable.

Ao lío! Tratar de clasificar un autor e unha obra atendendo a criterios unicamente xeracionais resulta empobrecedor, é como clasificar ríos ignorando que cada un deles sabe dun xeito diferente.

Carlos Casares, contan os manuais de literatura, pertence a un grupo literario chamado *Nova Narrativa Galega*, formado por un grupo de autores (Méndez Ferrín, Camilo Gonsar, María Xosé Queizán,

Rodríguez Mourullo...) que, a partir dos anos 50 do século pasado, pretendían, a través da súa obra, renovar o panorama narrativo da literatura galega, procurando outras perspectivas e comunicándose co que estaba a acontecer naquela altura noutros sistemas literarios (por exemplo en Francia co *Nouveau Roman*). Esta definición, con máis ou menos matices, é a que atoparedes, sufridos lectores, en calquera manual de historia da literatura galega. E ocorre que, a forza de repetir as mesmas teorías en diferentes soportes, semellan ser indiscutibles e acéptanse como dogma. Mais non é así. E non o é porque Carlos Casares é, diante de todo, Carlos Casares, e porque se criou en Xinzo de Limia e non noutro lugar, e porque o seu pensamento é propio e non xeracional.

Explícome mellor: aínda compartindo certos trazos característicos con outros compañeiros de xeración, Casares é un escritor diferente, cunha estética e un estilo moi persoal que o sitúan nunha liña atemporal, na que poden aparecer todos aqueles que non se pregan a molduras prefabricadas (o amigo Avilés de Taramancos sabía tamén moito disto). Así que, fóra do que leades nos manuais de literatura prefabricados, escoitamos



19

- 19.- Casares no seu despacho da Editorial Galaxia
- 20.- Casares fotografando.
- 21.- Portada de *Vento ferido*.

a voz do propio autor publicada en diferentes entrevistas, que reproducimos a seguir:

“Vento ferido non sei se se pode encadrar dentro deso que se chamou nova narrativa e que a min xamais me pareceu unha cousa uniforme nin unha traxectoria única, nin moito menos, senón todo o máis unha actitude xeral de investigación e ganas de facer cousas diferentes do realismo tradicional por parte da xente nova que collía a pluma para escribir en galego”.

É evidente que Casares vive e produce nun tempo determinado e que coa súa obra na difícil posguerra pretende, como outros escritores compañeiros, experimentar e procurar novas vías para o seu texto literario, pero, se cadra, aí rematan as coincidencias con outros autores da mesma época.

En calquera etapa hai escritores que se manteñen no límite, así ocorre con Lois Pereiro, por exemplo, escritores que superan alfándegas e tributos, e son do seu tempo pero tamén do noso. E esta é a razón da súa perdurabilidade. Por tanto, se tivéssemos que situar a Carlos nalgún andel ou gabeta, sería na da xeración do


home e senón, preguntádelle ás súas personaxes, preguntádelle ao Rata (*O xogo da guerra*) ou ao Eduardo (*Coma lobos*) que viven no limbo dun tempo sen reloxo.

Para resolver esta ecuación, un escritor de microrrelatos empréstame un, titulado *O tempo a tres voces*: “Antes de morrer, papá regaloume o seu reloxo. Pasaron os anos e agora meu fillo ve a hora de seu avó”. (Nelson Gómez León).

Velaí a obra de Casares: literatura sen fronteiras. Que vivan, pois, as anacronías!

20





21

## ACHEGA Á NARRATIVA DE CASARES

Para traballar a obra narrativa de Carlos Casares escollemos catro obras de diferentes épocas e distintas características literarias. Prestaremos atención a aqueles aspectos que nos parecen interesantes de cada unha delas e que vos poden servir como punto de partida para unha lectura máis fonda e, se cadra, un comentario de texto literario.

## VENTO FERIDO OU DE COMO CONTRUÍR UNHA PIRÁMIDE DE BOLBORETAS

Carlos Casares publicou o seu primeiro libro *Vento ferido* aló polo ano 1967, en concreto o día 10 de febreiro, na colección Illa Nova da editorial Galaxia. O libro, pois, acaba de cumprir 50 anos e consérvase fresco e forte coma un buxo. Teño diante miña a primeira edición, un libro de apenas 100 páxinas, ilustrado con debuxos de Xulio Maside, que clarifican e complementan os doce relatos que conforman o texto. Os relatos aparecen precedidos dunha cita de Cesare Pavese, o escritor italiano, tan querido por Casares. A cita, cremos, resume o pensamento do autor e rebélanos a complexa elementalidade da súa concepción narrativa: “Calquera que pase ten un rostro e unha historia”.

Que difícil é lograr o elemental e, despois, darlle categoría de universal! Estou filosofando, seino, pero explicareime: para contar unha historia verdadeira e,

sobre todo, próxima, non se precisan moitos adobíos, nin envoltorios, chega coa pulsión que a propia historia leva dentro, chega con espremer a tensión que a historia vai edificando. E iso é, precisamente, o máis difícil.

Condensación e compactación. Velaí os útiles. Casares bota man do relato breve (o que máis páxinas ten suma un total de 10) e manexa esa estrutura narrativa con precisión de cirurxián. Camiñar (porque Casares non escribe eses relatos, senón que camiña por eles) por unha estrutura tan delicada e fráxil supón non mirar atrás, pousar cada pé con precaución, tentar a superficie e fuxir da vertixe. Imaxino o autor como equilibrista polo fío da corda atravesando metros coa fronte ergueita e a vista alta. Así debeu construír este monumento.

O relato, dicía Cortázar (palabras maiores!) é o irmán misterioso da poesía, un caracol da linguaxe. Amén. Efectivamente, estes doce relatiños teñen moito de poético, como se, de súpeto, atopásemos entre a herba un lingote de ouro, un fulgore.

Definía tamén Rafael Dieste, outro equilibrista, o conto como un remuíño

de avelaiñas arredor dunha luz. As personaxes que vai erguendo Casares (O Rata, Rafael, Eduardo, Xudas...) son avelaiñas arredor desa luz que é a súa propia historia. As personaxes de Casares, con todo, levan luz propia, son, por tanto, vagalumes ou lucecús ou vellas facendo o caldo, que lle chaman tamén así nalgún lugar de Galiza.

"Botaron a sorte e tocoume a min. Eu penso que fixeron trampa, pero calei. Díxome o Rata: Vai. Eu non quería ir, digo a verdade. Pero cando o Rata dicía vai, había que ir. O Rata estaba tolo, según a

22



miña nai. Pero eu penso que non estaba tolo, que era atravesado e de mala lei. "Vai", dixo outra vez. E fun..."

Este é o inicio do primeiro relato do libro, *O xogo da guerra* (relato duro para lectores avanzados) e aí está xa a corda frouxa, o camiño que haberá que seguir. O narrador constrúe a historia desde o propio encabezamento, desde a contradición (*xogo/guerra*), e o relato non precisa de presentación, senón que asistimos a unha historia xa comezada, como se viñera de antes e nós xa souberamos quen é o Rata (canto axudan os alcumes, Blanco Amor!). Son historias xa iniciadas (*in media res*) e, nós, lectores, debemos aguzar os sentidos. O lector de Carlos Casares, velaí outro segredo, non é un lector pasivo, senón que se mergulla no desenvolvemento da historia e desconfía do Rata e teme pola sorte do narrador, Rafael.

E que dicir de *A rapaza do circo*, a francesa Anne, da que todos algunha vez nos namoramos!


Somos, con Casares, mergulladores a pulmón e sabemos que aló embaixo temos o tempo contado. Hai que conter a respiración, revisar o perímetro, o trasluz

das augas, o manto de algas e dar volta que o osíxeno se acaba.

Finalizando este pequeno artigo, collo o libro que teño diante miña, acaríñoille o lombo, úloo, observo as cicatrices que estes 50 anos lle foron deixando e teño para min que esta noite (o día xa marchou con disciplina e rutina) lerei unha vez máis *O xogo da guerra*, *A rapaza do circo*, *Coma lobos*, *A capoeira*, e, se cadra, se o sono me respecta, os doce relatos de *Vento ferido*. Porque para min este libro é, exactamente, un manual de enxeñería ou de como construír unha pirámide de bolboretas.

22.- *Vento ferido*.

23.- Portada de *Xoguets para un tempo prohibido*.



23

## XOGUETES PARA UN TEMPO PROHIBIDO OU A EXPULSIÓN DO PARAÍSO

Novela publicada en 1975 e que supuxo para o seu autor o Premio de Narrativa "Galaxia, 25 anos" e un ano despois, o Premio da Crítica Galega. Narra, sen articulación en capítulos, a vida de Elías Paz, un rapaz de pobo, introvertido e perdido no ambiente familiar e social. Desde o primeiro momento, a novela tivo moita aceptación en lectores atraídos pola modernidade da súa estrutura e porque "pode considerarse unha novela autobiográfica dunha xeración enteira" (Calvo, 2003) ou "a novela moderna dos universitarios do meu tempo" (Platas Tasende, 1998).

Describe con humor, ironía e dotes de gran narrador oral un informe bastante obxectivo da época que lles tocou vivir aos do seu tempo. Circunstancias socio-políticas-culturais identificables coa realidade que rodeaba aos galegos nos anos 60-70.

A cita inicial de Jean Paul Sartre: "Coñeceu o Paraíso e perdeuno. Era un

nenos e expulsárono da súa infancia", anticipa a narración da perda da inocencia e os sucesivos desenganos do protagonista nun mundo feo, cheo de medos e prohibicións.

A narración lineal da vida do protagonista, artícuase nunha estrutura novidosa en catro unidades ben diferenciadas, que forman catro partes da peripecia vital de Elías Paz, catro espazos, catro tempos e catro perdas.

### 1. Botáronte do Paraíso.

Corresponde aos días azuis da infancia, cando a inocencia, a espontaneidade e a liberdade rexían a vida de Elías. Xogan ás agachadas na igrexa tras un altar, imitan ao cura confesando, búrtese das súas arengas: xogos infantís condicionados por unha relixión opresora, que vía maldade en cousas inocuas e que estaba marcada pola idea do "pecado". O descubrimento da sexualidade fai dicir ao narrador en segunda persoa: "Nunca, nunca xa un neno puro, compañeiro. De repente fixéronse home, botáronte para sempre do paraíso". A referencia ao neno mártir San Tarsicio acentúa o contraste entre a pureza e o turbio que o fai sentir o narrador-conciencia: "Tamén es un

pecadento por facer esas cousas, es igualiño ós que mataron o neno Tarsicio e es un xudeu como os que lle chuspiron na cara a Cristo". Na formación político social do protagonista aparece o Frente de Juventudes co seu campamento na beiramar onde "unha morea de rapaces cantaban, desfilaban, erguían tendas de campaña, facían lume e xogaban... Vas aprender a amar España... vas prometer solemnemente converterte nun soldado de Cristo, nun soldado desta patria...". Os castigos na educación tamén estaban á orde do día, e así: "o que non fixera os problemas tería que limpar as letrinas tódolos días do mes e quedar sen o paseo dos xoves estudiando na escola para que aprendese a ter responsabilidade".

## 2. Máis alá do muro.

Establécese un paralelismo entre o protagonista e o propio Carlos Casares cando o narrador anticipa que Elías vai marchar para un internado relixioso, que supón na narración un cambio xeográfico da vila á cidade. Casares ingresou no Seminario conciliar de Ourense en 1952 "...e unha tarde subíronte a un coche despois de xantar, percorreches máis de trinta quilómetros baixo o sol e apareciches de repente nun colexio

enorme... Máis alá quedaba canto foras... En adiante terías que aprender todo de novo, ter conta de non esquecer canto viviras para poder seguir adiante". Nesta nova etapa coa adolescencia chega a perda da liberdade e o descubrimento da humillación, os castigos, os chivatos e o grupo dos castigados, o "barrabás". Toma o nome do personaxe citado no Novo Testamento que Pilatos indulta en lugar de Cristo, a petición do pobo xudeu. Na mitoloxía popular española é o prototipo da maldade. De aí o dito "ser da pel de Barrabás" ou ben "ser máis malo que Barrabás". Hai dous compañeiros de internado que son antagonistas, Celso Arias, sempre castigado no "barrabás". "Se cometes tres (faltas graves) entón pasas ó pelotón dos 'barrabás', o que significa: ter que comer de pé, varrer as aulas e corredores, disfrutar só medio recreo e saír polas noites ó centro do presbiterio da capela a confesar en público unha falta.

O outro é o Palabritas, o delator, que lle vai contar a don Ambrosio as accións castigadas no colexio, como ler o periódico ou falar de fútbol "...un rapaz que lle chaman o Palabritas e que é sopleta; vai tódolos sábados á súa habitación a lerlle unha libretina negra onde leva

apuntados os que ve falar nas filas". O adolescente Elías, como outros nenos na narrativa de Casares, son vítimas da represión e prohibición da Igrexa católica: é violento e traidor porque é o que lle tocou vivir. Sofre unha contradición interna entre o ben e o mal, vai sen rumbo fixo e así, o mesmo que Rafael, o neno de *O xogo da guerra*, participa activamente na vinganza e humillación ao chivato que fai o grupo. "Da túa man saíu tamén unha labazada e dixeches se non obras matámoste e tirámoste ó pozo e non se enteira ninguén... E ti alí, no medio, vítima do propio medo, cravado ó chan, crucificando a un compañeiro, converténdoo de repente en heroe só pola degradación dos seus verdugos. Pero ti non te vías como un verdugo, ...". . El mesmo delata que todo foi idea de Celso e así libra do castigo, pero a partir de aí todo cambia para Elías, aparécelle un grilo entre as sabas, non lle pasan o balón xogando ao fútbol e apupan cada vez que o toca no partido, cada vez que resposta unha pregunta na aula. Fanlle o baleiro de tal forma que ten que escribir á casa para que o veñan buscar. "Volvías á terra prometida". A volta á casa, o desgusto da familia, **unha nova expulsión**, neste caso da institución relixiosa. Nesta volta establécese un contraste entre a

santidade de Loló e a alma pecadora de Elías. É o momento dos guateques, das experiencias iniciáticas no cine onde reinan **Marilyn e Gilda** e comeza con Chedes o roce das mans, os bicos que descobre Loló por sorpresa "...mamá están facendo cousas feas... estaban ofendendo ao Neno Xesús, mamá!".

Hai inestabilidade nesta relación dos mozos, e na festa de aniversario de Chedes, escoitando discos de **Pérez Prado**, *O Rei do mambo*, aparece Chicha, unha muller madura cun vestido verde de volantes, parecida a **Lola Flores** que saca a bailar a Elías. Chicha le novelas de **Simenon** e invítalo a escoitar na súa casa un disco de **Frank Sinatra**, e comezan unha relación sexual "...O mundo remataba naquel cuarto, e canto estivese fóra del carecía de importancia".

### 3. A cidade chuviosa.

"...chegaron as primeiras chuvias do outono e pola mañá cedo marchaches coa maleta cara a un tren destartalado e vello". Marcha a Santiago, estudos e compromiso. A perda da fe e unha nova maneira de entender o mundo.

Comeza para Elías unha etapa de madurez intelectual e persoal e hai



24

alusións intertextuais ao cinema, á música, á literatura e á filosofía estranxeiras, castelás e galegas. Casares ten a necesidade de romper coa imposición e reivindicar o labor que debían desempeñar as elites intelectuais.

O protagonista chega á pensión e o primeiro que fai é ir ao cine, ve a adaptación dunha novela de **Françoise Sagan**. Coñece a Andrés Mariño, quen vai influír

nos seus novos gustos cando colle o seu exemplar de *L'Étranger* coa dedicatoria de Chicha e "...ri e queda mirando hostia aínda con **Camus**...". E comezou a escoitar as voces descoñecidas de **Duke Ellington e Coltrane**, entre copa e copa de xenebra. Maioría de idade para esquecer a **Ruyard Kipling**, que significaba romper coa infancia e botarse á aventura de ler a **Ortega e Unamuno** "...temas que enchían a túa habitación de libros, de periódicos,

de revistas, de folletos, de charlas e pensamentos que se entrecruzaban como fíos que ti non sabías nin saberás nunca ata onde cada un te levaba na súa desnortada dirección". Neste momento aparece Lita, personaxe que une amor e compromiso por buscar un futuro mellor. Cantaruxando a **Joan Baez** acompañáña ao seu portal e comeza esta relación de "Días e noites de incansable traballo a favor da humanidade, peligrosas visitas a non menos peligrosos pisos, encontros sixilosos con apóstolos inter pares, atentas escoitas e sospeitosos pasos...". Reunións onde se fala de **Aranguren**, do extráxico diverxente, como chaman a **Sartre** e de **Castelao**. O mundo da clandestinidade que se derruba nun interrogatorio. De novo a delación que fará que haxa unha nova expulsión para Elías "...respondendo a tantas preguntas ametralladas contra o cerebro, hoxe extrañamente torpe e pesado... sempre pensaches que foi o sono o que te obrigou a dicir que aínda que non sabías nomes poderías saír e intentar localizalos". A partir de aquí descobre que non é ben recibido e que molesta a súa presenza, non o invitan ás festas e Lita móstrase fría e distante. Xa non habería máis conversas clandestinas nin debates sobre a lingua "...de que o galego é idioma e non dialecto;

de que o galego serve para a poesía pero non para o ensaio; de que serve para todo como calquera outra lingua...". Unha nova expulsión para Elías "...expulsado unha vez máis do paraíso, sinalada con cruz polo anxo a túa porta...".


#### 4. Strangers in the night.

Elías é un espectador na cidade provinciana, no medio dunha burguesía inmoral e trouleira que o levará á súa derrota. Nesta última parte aparece o personaxe de Mara, que o moverá polo seu mundo como un xoguete manipulado "...cando ó coñecer a Mara te esqueciches de tantas cousas... ti te sentías débil física e moralmente. Incluso citaches a Garine, o personaxe da novela de Malraux...". Este personaxe aparece mencionado de novo, é como unha xustificación que explica o seu comportamento.

Garine é o personaxe central de *Os conquistadores* de A. Malraux, pai espiritual de Camus e Sartre; os seus personaxes sempre están na busca nostálgica do pasado, vivindo un presente absurdo para construír un futuro inédito. Os personaxes de Malraux sempre teñen dificultade para ser consecuentes entre as súas ideas e os seus actos, son

antiheroes solitarios, desconfiados da paixón, sobre todo a amorosa. Parece que isto se axusta á personalidade de Elías, que se adapta ao presente burgués que hai pouco rexeitaba "...a pedirvos que quedasedes a xantar, que había percebes e un viño francés de moito aquel, e que así xa empalmabades coa festa da noite no xardín".

Unha das innovacións da novela, ademais da súa estrutura que nos serve de guía para este comentario é a voz narrativa, esa presenza dun narrador en segunda persoa que se dirixe a un ti identificable co protagonista ou o lector, para lle avanzar datos futuros ou increpalo. No final descubrimos que o narrador que consideramos omnisciente é en realidade un monólogo interior do protagonista consigo mesmo, e é o que nos informa que Elías tamén é expulsado nesta última parte. "A resposta, prevista de antemán, entra na túa boca como enchendoa de talco... quérote, Mara, ben, Elías, non insistas, acabouse xa".



25

24 (páx. anterior).- Fotografía en ton de protesta feita en 1963 na que Casares aparece xunto a García Bodaño, Docanto, Santamarina, Fontenla, López Casanova e Hermo. Por detrás, os sete amigos asinaron baixo esta lenda: "Que os loitadores pola liberdade dos eidos nunca nos vexamos niste xeito de inaitividade."

25.- Portada de *Ilustrísima*.

26.- Casares era moi afeitoado ás caixas de música.

## ILUSTRÍSIMA

"Con Xoguetes acabei unha etapa [...]"


Atopamos no autor tres novelas arredor do dogmatismo, do fanatismo e da intolerancia: *Ilustrísima* (1980), *Os mortos daquel verán* (1987) e *Deus sentado nun sillón azul* (1996).

En *Ilustrísima* apréciase unha nova concepción da novela pola importancia que o autor lle confire á imaxinación ("aquilo do que falo é exterior a min, aínda que empregue lembranzas"), polo tratamento humorístico dos temas e pola claridade e sinxeleza dun novo estilo, que contrasta con aqueloutro da "prosa dislocada que reflicte un balbordo interior" que comentabamos a propósito de *Xoguetes para un tempo prohibido*.

A historia transcorre a principios do século XX nunha cidade dominada por un forte ambiente clerical. A instalación do cinematógrafo de Barbagelatta perturba e convulsiona a vida rutineira da conservadora sociedade provinciana.

Sorprendentemente, será a máxima autoridade clerical, o bispo (que figura sempre no relato como *Ilustrísima*), quen vai facer fronte ao fanatismo do sector máis intolerante dos seus subordinados. A historia, contada en terceira persoa, discorre de xeito lineal e o tempo narrativo abrangue dende a fin do verán ata o frío inverno.

É un relato directo, aparentemente sinxelo que agocha un gran traballo de simplificación expresiva e precisión léxica. Na propia novela podemos ler unha declaración de principios en boca dun



26

xornalista admirado por Ilustrísima aínda que non coincidisen ideoloxicamente:


“Desde logo, era a pluma preferida de Ilustrísima. Sinxelo sen ser simple, preciso e claro, sen máis adornos que os estrictamente necesarios, posuía unha agradable fluidez, debaixo da cal se intuía un disciplinado labor de poda [...]” (Casares, 1995: 82).


E tamén en declaracións de Casares podemos ler esta clarificadora comparación acerca das súas preferencias estilísticas, como lector e como escritor.

“Hai dúas maneiras de entender a literatura: unha, eu identifícoo co que é un vitral gótico, que é aquela ventá que nos pide que nos fixemos nela mesma, na súa deslumbrante fermosura, no seu corido; en cambio hai outro tipo de ventá, que é a ventá transparente, co cristal absolutamente limpo, que é o que nos permite ver o que ocorre no mundo, máis alá da ventá. Eu admiro a literatura do vitral gótico, e admiro a moitos escritores que entenden a literatura como unha especie de fermosa complicación e exuberancia imaxinativa, pero eu prefiro para min, como escritor (non digo como lector), como escritor prefiro a ventá

transparente que me permite ver o que ocorre máis alá no mundo. Pra min a literatura consiste en ver a vida, en sorprender a vida e contar a vida”. (VVAA, 2004: 276)

27





28

27.- O dogmatismo, fanatismo e intolerancia, temas principais de *Ilustrísima*.

28.- Portada do libro *O sol do verán*.

## O SOL DO VERÁN

Un golpe seco, un estoupido na noite, un disparo suicida e inesperado. *O sol do verán* comeza dun xeito abrupto: o suicidio de Carlos que esnaquiza o mundo feliz de Helena.

Encerrada na biblioteca, medio en penumbra, a narradora, Helena, trata de indagar os motivos que induciron a Carlos a tomar esa fatal decisión.

“Desde que marchou a miña nai, leo e releo as cartas que ela me deixou coa promesa de que non as lese ata que se fose; espío cada palabra, doulle voltas a cada liña e a cada frase e busco detrás dos seus múltiples significados a razón oculta que me explique por qué Carlos se foi da miña vida desta maneira. Por veces sinto rancor, experimento unha furia de lume que destrúe a imaxe inmaculada das nosas lembranzas, pero de seguida me volve a calma, recupero os recordos máis fermosos e entón quedo envisa no pasado, colgada da alegría daquela infancia feliz, e sorpréndome sorrindo a pesar da dolor que aínda me morde

no corazón, fascinada polas trastadas inocentes de Carlos, engaiolada cos xogos que percorría e as historias que me contaba, asombrada polas cousas que dicía. [...]”. (Casares, 2002: 12).

Os conflitos, as partes escuras da vida dos personaxes, as relacións agochadas van agromando paulatinamente mediante o recurso técnico do *flash back*. As diferentes etapas de Carlos e mais Helena: a infancia, a adolescencia e a vida universitaria, preséntansenos por medio de informacións fragmentarias que paseniñamente van explicando como se foi tecendo a súa amizade. Viven unha infancia feliz, en total liberdade, onde a natureza serve de marco para aventuras vividas todas as horas do día. Logo vén a hora do rosario en familia e as historias contadas polo Anselmo, sentados placidamente na solaina.

“Era certo que Beiro conservaba a beleza dos obxectos e das cousas, o monte e os bosques, a horta e o estanque, mesmo o tintín dos picos dos canteiros de Zas, e aquela casa, cos seus salóns, o piano, as pinturas de papá no meu cuarto, a solaina aberta cara ó río”. (Casares, 2002: 156).

"[...] Era o que estamos esperando, de maneira que antes de que papá respondese que si coa cabeza, resignado, xa nós estamos correndo escaleiras abaixo, abrimos o portal da horta e seguimos correndo sen parar, monte a través, polo medio do bosque, camiño do Carpazal. Era unha mañá completamente azul e non se vía nin unha nube no ceo, e escoitábanse como se fosen de cristal os ruidos que viñan polo aire, o mesmo o piar dos paxaros que as voces da xente que a aquelas horas traballaba no campo e os golpes do ferreiro de Zas batendo na forxa". (Casares, 2002: 72).

Na novela aparece o mundo narrativo do noso autor: a intolerancia, o contraste de ideoloxías e crenzas, a amizade, o amor imposible, narrado cunha prosa aparentemente sinxela e espontánea.

A historia está contada en primeira persoa por Helena, como podemos apreciar nos textos anteriores, que lembra en pouco tempo os seus veráns en Beiro xunto a Carlos. O tratamento do tempo narrativo é moi interesante. Aparecen tres secuencias temporais ben definidas: a duración do pequeno traxecto que teñen que salvar Helena e o seu home (de Beiro a Ourense) para notificar

a desgraciada nova e que encabezarán cada capítulo; o tempo narrativo que abrangue a infancia e adolescencia de Helena e Carlos; e, por último, a duración do paseo que estes dous últimos realizan a noite anterior pola mesma estrada que agora percorre con Arturo. Tanto a infancia e adolescencia, como os feitos vividos o día anterior, son lembrados pola protagonista mentres transcorre a viaxe á cidade. Quedan algúns sucesos por aclarar, e o círculo narrativo cerra-se dez días despois da traxedia coa lectura das cartas que a súa nai lle ofrece a Helena, para que as lea na tranquilidade da querida casa de Beiro.

Ao cerrar o libro, temos a sensación de abandonar ese paraíso perdido de liberdade e inocencia que todos tivemos algunha vez. A natureza deixa o seu recendo, os seus particulares sons: o picar dos canteiros, o piar dos paxariños, o fluír da auga... todo baixo a luminosidade e a calor do sol do verán.

Pero ese mundo transparente, de cristal, queda esnaquizado por aquel maldito disparo de Carlos e xa nunca máis se poderá recompoñer.

Nesta obra, publicada postumamente,

Carlos Casares insiste na importancia que teñen para as persoas os anos de formación, e sobre todo fai unha clara e contundente homenaxe á memoria, capaz de conservar e revivir aquilo que constitúe a nosa propia historia.

**CARLOS CASARES**

TREN    TARIFA    IMPORTE    CLASE

**OBRADOIROS**

DATA: 17/5/2017

Nº BILLETE:

# A GALIÑA AZUL

## A carta

O libriño de contos *A galiña azul* ten unha estrutura epistolar, ou sexa, como se o narrador (antes da era dixital) estivese escribindo unha carta en papel a alguén. As cartas axústanse a un formato determinado: un saúdo ao principio, o corpo e unha despedida ao final.

*Querida Ana:*

*Vai para sete anos que non te vexo.  
Tampouco teño visto fotografías túas*



*desde entón porque prefiro quedarme coa última imaxe que teño de ti: unha nena loira cuns ollos azuis cheos de luz, colocando os teus dedeiros da man dereita igual que fai o Papa nas bendicións, para dicir que tiñas dous anos cando che preguntaban: “Ana, cantos anos tes?” (Casares, 1991: 7).*

Agora que rara vez se utiliza este medio resulta moi axeitado para introducirmos nos obradoiros de escritura.

Imaxina que estás pasando uns días nun lugar sen conexión a Internet, que aínda os hai, e queres compartir as túas vivencias cunha amiga.

Podes contar o que estás a facer durante a túa estancia, algunha anécdota ou mesmo unha historia que che contaron no lugar onde te atopas.

Lembra que tes que encabezar o escrito cunha fórmula de saúdo (*querida, estimada, prezada...*) dependendo do trato que teñas co destinatario. Logo o nome da persoa, seguido de dous puntos e á parte. De seguido irá o corpo do texto, o relato, distribuído en varios parágrafos se é necesario, e rematarás a carta cunha fórmula de despedida en consonancia

coa túa relación afectiva co interlocutor (*un saúdo, unha aperta, bicos...*) e coa túa sinatura.

## Completar historias

Remata o seguinte texto.

*O alcalde, Manolito Listón, dixo nunhas declaracións que fixo para a televisión e para os xornais, que non se podía tolerar a existencia dunha galiña azul, porque, segundo Manolito Listón, unha galiña azul que pon ovos de cores e que di cocorocó en vez de cacaracá non é unha galiña como é debido.*

*O caso é que o pobo anda todo alborotado e o pobre Lorenzo non levanta cabeza. Antes paseaba todo contento coa súa galiña pola rúa, pero agora está na casa e algúns din que a galiña a ten disfrazada de branco para que non lla coñezan. Pero de certo, pouco se sabe.*

Unha vez rematado o teu escrito, le o orixinal e compáraos.

Coñeces algunha outra obra na que triunfe a solidariedade fronte á marxinação como sucede en *A galiña azul*?

## O PRINCIPIÑO

No ano 1970 saíu publicada a versión ao galego de *Le Petit Prince* de Antoine de Saint-Exupéry, *O Príncipeño*, por Carlos Casares. A preocupación de que as grandes obras da literatura universal se verqueran ao galego así como a de dar bo material ao lector infantil e xuvenil foi unha constante na vida do noso autor.

Este marabilloso libriño vainos servir para realizar algúns dos nosos obradoiros.



### Isto non é un sombreiro

Así comeza o primeiro capítulo:



*Cando eu tiña seis anos, unha vez vin nun libro sobre a Selva Virxen que se titulaba "Historias vividas", unha magnífica estampa. Representaba unha serpente "boa" tragando a unha fera.*


- Le atentamente o capítulo e fíxate nestes diferentes tipos de sombreiros.
- Imaxina que animal ou obxecto pode estar en cada un deles e debúxao.

### Xogo dramático

A creación dun personaxe a partir de distintos tipos de sombreiros.

Aportade cadaquén da vosa casa unha pucha ou chapeu e por quendas escollede un deles. Dependendo do que teñades na cabeza, imaxinade a que personaxe pode corresponder e facede unha improvisación dramática. [Véxase: *O teatro como xogo*, de Alfredo Mantovani, e *Yo soy el árbol (tú, el caballo)* de Franco Passatore].







(A)




(D)



(B)



(E)



(C)



(F)



### Domesticamos?

Le o capítulo XXI, ese que comeza:

*Entón apareceu o raposo.*

*–Bos días– dixo.*

*–Bos días– respondeu cortesmente o principião, que se volveu, pero non viu a ninguén.*

*–Estou aquí– dixo a voz–, debaixo da mazaira...*

Observarás que máis adiante aparece a palabra "domesticar". Imos traballar con ela.

- Busca a etimoloxía do termo e o seu significado.

- A continuación anota as acepcións actuais que ten.

- O raposo utiliza esa palabra con algún dos significados que ti atopaches? Que significado lle acae na narración?

- Forma a familia léxica de domesticar co meirande número de palabras posibles.

- Por último, pensa se “domesticaches” ti a alguén en cada un dos sentidos que acabamos de aprender.

### Reconstruímos

Partindo destas frases (ou sintagmas) compón un pequeno texto que responda ao diálogo que che presentamos e que forma parte dunha das tenras secuencias deste libriño.


Diálogo:

–Gústame moito o solpor. Imos ver un solpor...

–Pero hai que agardar.

–Agardar o que ?

–Agardar que o sol se poña.





## O Baobab

En *O Principiño* aparecen elementos da flora e fauna tratados dun xeito moi especial: a rosa, o raposo, o baobab.

Centrémonos no baobab.

Investiga sobre esta especie tan peculiar. Busca a orixe, hábitat, características. Indaga sobre outras especies que ti coñezas e que compartan características de antigüidade ou procedencia co noso baobab.



## OS ARTIGOS XORNALÍSTICOS

Carlos Casares practicou o xornalismo durante toda a súa vida, como queda constancia neste caderno. Aproveitamos algúns dos seus artigos para disfrutalos e para que nos sirvan de modelo nos seguintes obradoiros.

Creación literaria escrita: visita ao tren.


### Trens e poesía

*Onte cumprín anos, aínda que en realidade debía dicir que estiven de cumpre, como din os nenos, porque pasei o día xogando cos trens eléctricos. Resulta que os rapaces me regalaron un paso a nivel e tiveron que ensablalo, primeiro, e buscallo sitio na maqueta, despois. A continuación montei catro comboios, dous a vapor, un terceiro tirado por diésel e un cuarto con locomotora eléctrica. Portáronse ben, pois non tiveron practicamente percances de ningún tipo, a non ser algún que outro choque por culpa miña, e un par de avarías menores no circuíto. De maneira que pasei un día*

*bastante distraído e relaxado.*

*Non digo completamente porque esto de xogar, no fondo, a min dáme algo de mala conciencia. Por moito que trato de razoara comigo mesmo e convencerme de que nada hai de malo nin de estúpido nin de irresponsable en pasar o tempo como a un llepete, sempre queda un pouso que se encarga de atoldar a transparencia que teñen as afeccións máis inocentes e convertelas en auga turbia e revolta. Todos debemos ter algo de calvinistas.*

*O caso é que, ó rematar a tarde, antes de sentarme para escribir esta columna, collín un libro de Antón Tovar e púxenme a lelo por enésima vez. Titúlase *El tren y las cosas* e paréceme un dos bos poemarios que se publicaron en España nos últimos cincuenta anos. Trata do tren só circunstancialmente, aínda que este asunto, que constitúe o tema dalgunhas das mellores composicións do libro, non é o que domina no conxunto, a pesar do título. O poema dedicado ó xogo do tren, cando nas festas do nadal o pai*



*se puña de máquina en cabeza, resulta espléndido. Onte servíume para curar a mala conciencia. A poesía cura case todo.*

Obxectivos:

- Traballar o punto de vista narrativo.
- Describir as sensacións ambientais.

O autor tiña paixón polos trens. Era para el un maravilloso medio de comunicación e sempre dicía que grazas ao seu amor polos trens coñecera a Kristina. Na súa Fundación podemos ver a maqueta do tren que tiña montada nun caseto da

súa casa de Nigrán e á que se refire no presente artigo.


O tren tiña, e segue tendo, un encanto especial sobre todo para aquel que o ve por primeira vez. Lembramos, por exemplo, o relato de Rafael Dieste *O vello que quería ver o tren*.

Invitámoste a que leas os dous textos a modiño e con eles na memoria fagas unha visita á estación de tren máis cercana. Se non tes medio de achegarte a ningunha, utiliza a imaxinación e trasládate a unha. Trata de vela como se fose a primeira

vez. Observa o que ves: xente que vai e vén arrastrando maletas rodadas, os ruídos das máquinas ao chegar ou deixar a estación, a calor ou frío que sentes na cara...

De volta á casa ou á clase, colle o teu caderno e escolle un dos personaxes que che ofrecemos a continuación para escribir un breve relato contando a experiencia dende o seu punto de vista.

A persoa que vende billetes.  
Un pasaxeiro que chega.  
O maquinista.



Unha persoa que despide a un familiar que se vai.

A persoa que atende o bar.

A persoa que atende o quiosco.

Creación literaria oral: a tertulia.

Sabemos o afeccionado que era o noso autor aos faladoiros, o moito que lle gustaba conversar. A sociedade actual, dominada pola présa, ás veces semella que non valora o suficiente a arte de falar.

Imos organizar un faladoiro.

Obxectivos:

Aprender conversando.

Aprender a escoitar.

Mellorar a expresión oral.

Desenvolvemento:

Xuntaremos un grupo de xente de distintas idades para que compartan as súas experiencias e poidamos comparalas coas nosas.

Como estamos falando do tren, a nosa tertulia tratará de contrastar o que para outras xeracións e outros tempos significou este medio de transporte.

Como eran os trens e as estacións de ferrocarril na súa época? Que vivencias, que sensacións deixaron nos tertulianos? Que chegadas ou despedidas quedan na súa memoria?

Velaquí dous exemplos:

"Lembro cando chegabamos á estación de Ribadavia, o recendo das pavías anagaba o ambiente e chegaba ao vagón. Pouco a pouco ían aparecendo a través da fiestra as mulleres con enormes cestas na cabeza cheas de pavías. Nunca esquecerei aquel ulido. Agora xa non as hai, o que se vende agora non son pavías..."

"Tiñamos que erguernos moi cedo, o tren chegaba ás oito e media, pero sempre chegabamos un cuarto de hora antes. As poucas palabras que dicíamos quedaban debuxadas no aire en forma de vapor de auga, as persoas que había na estación desdubuxábanse nunha néboa densa e cruzábaste con elas naqueles apurados paseos dun lado a outro que intentaban desentumecer os pés atecidos. Só a ilusión da chegada da viaxeira mantiña o teu ánimo.

– Aviso aos señores viaxeiros. O tren procedente de Madrid chegará con vintecinco minutos de retraso..."

É imprescindible que se respecte a quenda de palabra e se coide a linguaxe, coloquial pero coidada.



**Comentario literario.** Escollemos dous artigos de tema diferente.

*Un libro sobre o galego*

*A calma do verán serve para ler libros que pasaran xa aos andeis de espera por falta de tempo na época da súa publicación. É o que ocorreu con A lingua galega e os seus problemas de Juan José Moralejo Álvarez, editado por Galaxia hai pouco máis dun ano. En realidade, o seu contido xa o coñecía, porque fora aparecendo previamente neste mesmo periódico en forma de artigos ocasionais referidos ao tema que agora se enuncia no título. De aí, esta longa agarda para volver a lelo. A impresión desta segunda lectura, non obstante, é distinta. Desaparecidas as circunstancias inmediatas que motivaron os artigos, estes adquiriron quizais unha nova dimensión, pero conservan todo o seu interese.*

*Trátase dunha escolleita de pouco máis de trinta breves traballos que versan sobre diversos problemas relacionados co galego: desde os puramente ortográficos ata os sociolóxicos e lingüísticos. En xeral, están escritos nun ton polémico, cos coñecidos ingredientes característicos da prosa periodística do seu autor:*

*humor, ironía, sarcasmo, sátira... É dicir, un estilo fresco e informal que contrasta coa solemnidade, o engolamento e a crispación con que frecuentemente se trata das cuestións relativas á lingua. Por outra parte, Juan José Moralejo aplícalle ao obxecto do seu estudo doses abundantes de realismo e sentido común, dous compoñentes que con igual frecuencia faltan tamén no trato das referidas cuestións.*

*Pero por riba, ou por baixo, de ton e de estilo tan saudables, está a boa formación do lingüista profesional, que Alonso Montero se encarga de recordar para o lector desde o prólogo do libro. O humor e a graza son a simple coida; o demais é boa doutrina filolóxica aplicada por un catedrático de grego ao que non lle é alleo o galego vivo, que bebeu na boa fonte ourensá de Cortegada. Isto da seriedade técnica é un dos valores que un máis estima nos escritos sobre lingua galega, tantas veces asaltados pola dogmática ousadía de afeccionados de tan boa vontade como escasas luces. Fronte a eles, libros como este de Juan José Moralejo, iluminan como se fora día.*

*A ledicia de ler, La Voz de Galicia. 15 de setembro de 1983.*

**Contesta as seguintes cuestións**

- Cal é o tema deste artigo?
- Análise da estrutura formal: o número de parágrafos.
- Análise da estrutura do contido: cal é a idea central de cada parágrafo? Subliña cales serían para ti as palabras clave de cada un deles.
- Coñeces os autores que se mencionan no texto? Despois de informarte debidamente, poderías expresar en poucas palabras de quen se trata cadaquén?

Escribe unha crítica persoal sobre un tema que che interese especialmente, atopado nun libro, xornal ou mesmo nos apuntamentos que utilizaras recentemente (340 palabras).

*Unha rúa*

*Entre as lembranzas daquel Ourense do principio dos anos sesenta, das que falei aquí nestes días pasados, venme á cabeza unha cousa que fixemos unha noite na Rúa da Paz, onde vivían don Ramón Otero Pedrayo e Xaquín Lorenzo, este máis*

coñecido como "Xocas". No mesmo edificio do último, fronte por fronte da casa de don Ramón, residía Julio Losada, un personaxe ben coñecido na cidade, lector impenitente, conversador xenial e amigo de escritores, pintores e demais xentes da cultura, por máis que el se dedicase fundamentalmente aos negocios. Iso non lle impedía ter un libro de Neruda dedicado e confesarse devoto dun único santo: Pío Baroja.

En Ourense, Julio Losada é tan necesario para a personalidade local como o poden ser As Burgas, a Ponte romana ou o Santo Cristo. Ninguén sabe máis contos ou historias, e ninguén as conta mellor. Eu sempre o considerei o meu mestre nesta cousa de narrar. Como homenaxe saqueino nun dos meus libros, co seu nome e apelidos, e cun remoque que o presentaba como "culto millonario ourensán". Naquela época, Julio Losada era tan importante para nós, pintores e escritores novos, e queríamolo tanto, que un día decidimos facerlle unha homenaxe. Pola noite, xa ben entrada a madrugada, dirixímonos en grupo, case en procesión, ata a rúa onde residía, que como dixeran era a Rúa da Paz.

Alí collimos a un dos pintores, creo que Xaime Quesada, axudámolo a subir empuxándoo polas pernas e polas costas, e alzámolo ata a altura do rótulo que daba nome á rúa. Sobre o fondo branco

de louza, escribiu con lapis: Rúa de Julito Losada. O outro día amoseillo a José Ángel Valente. Vese que o tempo sabe conservar as cousas de verdadeiro valor.

Á marxe, 1 de xullo de 1998.



## Contesta as seguintes cuestións

- No texto aparecen persoeiros xa mencionados neste caderno. Saberías dicir cales son e en que momento da vida do noso autor se relacionan con el?
- En que faceta cultural destacou cadaquén?
- No artigo que acabas de ler tamén se mencionan intelectuais como no anterior, *Un libro sobre o galego*, pero os textos son moi distintos. Poderías subliñar, en poucas palabras, as diferenzas temáticas e estilísticas entre ambos?
- Aprecias semellanzas estruturais entre eles? Cales?

Trata agora de escribir un artigo propio contando unha anécdota que che sucedera a ti. Respecta a estrutura formal que tes como modelo, o número de palabras utilizado e o coidado lingüístico necesario en todo escrito literario.

A continuación ofrecemos a referencia de varios artigos que podes disfrutar para completar esta primeira achega ao labor xornalístico de Carlos Casares. Forman parte da columna *Á marxe* e

de *A ledicia de ler*, publicadas en *La Voz de Galicia* como xa mencionamos anteriormente. Están organizados por data de publicación e atoparédolos nas bibliotecas municipais. Para facilitar a búsqueda citamos algúns dos recollidos no mesmo tomo, do ano 1998.

Como podes constatar, tratan da vida cotiá, das persoas que rodearon ao noso autor e dos animais que el tanto apreciaba (o seu gato Samuel, por exemplo).

*Samuel*, 28 de maio, páx. 154.  
*Antonio*, 29 de maio, páx. 155.  
*Un paxaro*, 26 de xuño, páx. 183.

*Á marxe*, 1998, *Obra xornalística VII*. Galaxia, Vigo, 2008.

*Aquelas fronteiras*, luns 27 de agosto do 2001, páx 159.  
*Santa*, sábado, 14 de agosto 1999, páx. 84.

*Os agostos de Casares*, *La Voz de Galicia*, col. Biblioteca Galega, 2016.

*Celso Emilio Ferreiro*, 23 de setembro, 1979.

*A ledicia de ler*, *La Voz de Galicia*

## Excursións

Por último, propoñemos posibles visitas a lugares relacionados coa vida e obra de Carlos Casares.

Fundación Carlos Casares en Vigo.  
Xinzo de Limia, Sabucedo, Lamas e Beiro.  
Ourense.  
O Concello de Ourense vén de publicar un folleto que propón un Roteiro pola cidade. Nel atopamos unha escolma de textos da obra casariana e a súa relación cos lugares desta cidade.



**CARLOS CASARES**

TREN    TARIFA    IMPORTE    CLASE

**BIBLIOGRAFÍA**

DATA: 17/5/2017

Nº BILLETE:

## BIBLIOGRAFÍA

Na presente bibliografía incluímos unicamente as obras consultadas para a realización deste caderno. A edición empregada aparece entre corchetes.

### OBRAS DO AUTOR

- CASARES MOURIÑO, Carlos, 1967, *Vento ferido*, Vigo, Editorial Galaxia.  
\_\_\_\_\_, 1969, *Cambio en tres*, Vigo, Editorial Galaxia.  
\_\_\_\_\_, 1975 [7ª ed., 1988], *Xoguetes para un tempo prohibido*, Vigo, Editorial Galaxia.  
\_\_\_\_\_, 1979, *Os escuros soños de Clío*, Santiago, Edicións do Cerne.  
\_\_\_\_\_, 1980 [8ª ed., 1995], *Ilustrísima*, Vigo, Editorial Galaxia.  
\_\_\_\_\_, 1987, *Os mortos daquel verán*, Vigo, Editorial Galaxia.  
\_\_\_\_\_, 1996, *Deus sentado nun sillón azul*, Vigo, Editorial Galaxia.  
\_\_\_\_\_, 2002, *O sol do verán*, Vigo, Editorial Galaxia.

### 2. Ensaio

CASARES MOURIÑO, Carlos, 1998, *Un país de palabras*, Vigo, Editorial Galaxia.

### 3. Artigos da prensa diaria

- CASARES MOURIÑO, Carlos, 2008, *Á marxe 1998*, Vigo, Editorial Galaxia.  
\_\_\_\_\_, 2016, *Os agostos de Casares*, A Coruña, La Voz de Galicia S.A.

### 4. Literatura infantil

- CASARES MOURIÑO, Carlos, 1969, *A galiña azul*, Vigo, Editorial Galaxia.  
\_\_\_\_\_, 1973, *As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas*, Vigo, Editorial Galaxia.

### Traducións dende outras linguas

- SAINT-EXUPÉRY, Antoine de, 1972 [4ª ed., 1979], *O Principiño*, Carlos Casares (trad.), Vigo, Editorial Galaxia.  
GRIPE, María, 1989, *Os escarabellos voan á tardiña*, Carlos Casares (trad.), Vigo, Editorial Galaxia.  
HEMINGWAY, Ernest, 1999, *O vello e o mar*, Carlos Casares (trad.), Vigo, Editorial Galaxia.

## FONTES BIBLIOGRÁFICAS

### FONTES IMPRESAS

BERG, Kristina, 2012, "Unha visión cercana". Revista *Artes y letras*, nº 38.

CALVO, Tucho, 2003, *Carlos Casares. O conto da vida*, A Coruña, La Voz de Galicia.

VV.AA., Monteagudo, H. y Díaz-Fierros Viqueira, F. (coords), 2003, *Carlos Casares. A semente aquecida da palabra*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, Galaxia.

VV.AA., 2004, *Carlos Casares. Os amigos, as imaxes, as palabras*, Vigo, A Nosa Terra.

### ENTREVISTAS

ÁLVAREZ POUA, Luis, "Carlos Casares o la metamorfosis gallega", en *La Voz de Galicia*.

FERNÁNDEZ FREIXANES, Víctor, 1976, "Carlos Casares. Os dereitos do escritor", en *Unha ducia de galegos*, Vigo, Galaxia.

PLATAS TASENDE, A. Mª, 1998, "Conversación con Carlos Casares", *Revista Galega do Ensino* 21, pp. 15-26.

### FONTES DIXITAIS

BERMÚDEZ MONTES, María Teresa, "Ecos e lecturas da narrativa europea contemporánea na obra de Carlos Casares", en: <http://www.fundacioncarloscasares.org/wp-content/uploads/2009/09/libro-actas-completo2.pdf> (Consultado 01/2017).

\_\_\_\_\_, "Ramón Piñeiro, Carlos Casares e a Nova Narrativa", en: [http://reined.webs.uvigo.es/emplares/6/reined\\_06\\_11.pdf](http://reined.webs.uvigo.es/emplares/6/reined_06_11.pdf). (Consultado 01/2017).


Fundación Carlos Casares: <http://fundacioncarloscasares.org/>

Tertulias Literarias: [http://www.oleiros.org/c/document\\_library/get\\_file?p\\_l\\_id=65429&folderId=122559&name=DLFE-23624.pdf](http://www.oleiros.org/c/document_library/get_file?p_l_id=65429&folderId=122559&name=DLFE-23624.pdf)

VV.AA., 2009, *Actas Simposio Carlos Casares*, A Coruña, Tórculo. En: <http://www.fundacioncarloscasares.org/wp-content/uploads/2009/09/libro-actas-completo2.pdf> (Consultado 12/2016).



Este caderno rematouse  
no mes do marzal de 2017,  
mentres agromaba unha  
primavera máis.



**Concello de Oleiros**  
Concellería de Cultura e  
Normalización Lingüística



E. Normalización Lingüística  
I.E.S. María Casares